

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Francés

(Segunda Lingua Extranxeira)

**IES RAMÓN CAAMAÑO
(Muxía)**

2022 – 2023

Xefatura de departamento:

Silviana Cobas Iglesias

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN e CONTEXTUALIZACIÓN	2
2. COMPETENCIAS CLAVE	2
3. OBXECTIVOS	3
4. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN e ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	5
5. PLAN DE REFORZO ESPECÍFICO	19
6. AVALIACIÓN DO ALUMNADO	21
6.1. Criterios de cualificación, procedementos e instrumentos de avaliación	22
6.2. Medidas de recuperación:	26
- Avaliación extraordinaria (xuño)	
- Recuperación de pendentos	
7. AVALIACIÓN DO PROFESORADO (Programación Didáctica e metodoloxía)	
8. METODOLOXÍA	27
8.1- Prácticas metodolóxicas	
8.2- Materiais curriculares	
9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	28
10. TEMAS TRANSVERSAIS	28
10. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	29

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Velaquí a programación didáctica da materia de Francés (Segunda Lingua Estranxeira), contextualizada no curso escolar 2022-2023 no IES Ramón Caamaño (Muxía, A Coruña).

O alumnado co que se implementará esta programación procede dun medio rural (das parroquias pertencentes ao concello de Muxía) e dun medio mariñeiro (os habitantes da propia vila de Muxía). Muxía ubícase na comarca fisterrá, e conta con pouco máis de 5000 habitantes entre a vila e as 14 parroquias. O IES conta con alumnos e alumnas que estudaron a Primaria en dous centros distintos, ámbolos dous ubicados no mesmo concello: o CEIP dos Muíños e o CEIP Eduardo Noya de Vilarmide. O nivel socio cultural das familias é un nivel medio-baixo.

O centro dispón de dous corpos de edificio con cada un tres plantas: na planta baixa áchanse os despachos da dirección, a biblioteca, a conserxería, a sala de profesores, a aula de Plástica e a cafetería; as demais aulas (incluída a sala de informática, a aula de Música, o taller e o laboratorio) están no primeiro andar e os departamentos didácticos no segundo. Este curso académico 22/23 conta coa novidade da implementación das Aulas Materia. Todas estas aulas materias están dotadas de ordenadores e pantallas dixitais. O centro dispón de ascensor.

2. COMPETENCIAS CLAVE

Coa posta en marcha da presente programación didáctica contribuiremos ao desenvolvemento das competencias clave do seguintes xeito:

Competencia matemática e competencias de base en ciencias e tecnoloxía

Non sendo *a priori* fundamental no proceso da aprendizaxe do francés, co uso do libro de texto escollido necesítase en varias ocasións: en todas as actividades que teñen como tema os números, en que non só se trata de senón tamén de facer operación, e nas actividades onde se require a lóxica ademais do cálculo: continuar unha serie numérica, deducir a idade de varios personaxes a partir de informacións relativas dadas.

Competencia dixital

A competencia dixital está no centro da aprendizaxe na nosa aula, agora máis que nunca. Farase do seguinte xeito: O método conta con elementos dixitais que serán manexados polos alumnos ou ante eles: manual dixital interactivo para o encerado dixital e os complementos para animar (banco de imaxes dixitais, karaokes, xogos para o encerado dixital). Anímase alumnos a que utilicen as novas tecnoloxías para realizar as actividades do libro de texto de procura de información en Internet (en «*Je lis et je découvre*»), para comunicarse cos seus amigos, para preparar as súas presentacións.

Aprender a aprender

A competencia que permite aprender a aprender é o centro da nosa metodoloxía. O contrato de aprendizaxe que se atopa ao comezo de cada unidade do libro axuda o alumno a reflexionar sobre o obxecto e finalidade da aprendizaxe. Varias estratexias de aprender a aprender son fornecidas polo libro, e vense claramente no apartado específico das seccións «Vers le DELF» baixo un subtítulo evocador: «Trucs et astuces» (trucos e astucias). A variedade de soportes e de actividades está destinada a facerlles comprender aos alumnos que non hai unha soa forma de abordar unha lingua e de aprendela. A variedade de formatos destinados á avaliación (xogos, balances orais/escritos) ten a mesma finalidade: independentemente do valor eventual sumativo, ten un valor formativo, xa que lle permite ao alumno coñecer cales son as súas estratexias de aprendizaxe favoritas, e cales son os puntos fortes e débiles das súas aptitudes e cualificacións.

Competencias sociais e cívicas

No día a día, incitarémolos a respectar as regras de cortesía, a saudarse, a respectar as quendas de palabra, a escoitar os demais, a respectar os seus esforzos para facerse entender a pesar das dificultades da lingua... O descubrimento dunha realidade diferente á súa, a do mundo francófono, dálles a oportunidade de exercer unha actitude aberta e tolerante. As tarefas finais propostas no método Parachute son de por si a ocasión perfecta para demostrar unha actitude positiva: colaboración, valoración da diversidade e do respecto aos demais, e aceptación de compromisos, rematando moitas veces pola rúbrica de autoavaliación «Moi et les autres», que os convida a reflexionar.

No que respecta ás **competencias cívicas**, desde a primeira unidade do libro de texto, coa información da campaña que sexan conscientes de que pertencen a unha sociedade occidental privilexiada. O coñecer outro país desde o punto de vista «político» e histórico contribúe ao desenvolvemento da competencia cívica. O lema de Francia «liberté, égalité, fraternité», é perfecto para lembrar as nocións de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos cívicos.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Dada a súa idade, o noso alumnado, en principio, está aínda lonxe do mundo profesional, en que deberán facer proba deste espírito emprendedor indispensable no mundo moderno. Pero non é demasiado pronto para axudalos a desenvolver unha actitude favorable á adquisición desta competencia. Con este obxectivo, as tarefas finais son un contexto privilexiado: os alumnos deben realizar un proxecto en grupo, deben organizarse e negociar para repartir as tarefas ao principio e durante cada etapa (preparación, realización, exposición).

Cada un mobilizará as súas mellores capacidades para contribuír ao resultado común, pero todos terán que exercer a aptitude para anticipar, para planificar a súa actividade persoal ao servizo da tarefa (procura de información, selección de documentación gráfica, creación de ilustracións, compra de material...), para facer un informe para os membros do grupo ou subgrupo, para resolver cal é a proposición máis adecuada, etc.

Sensibilidade e expresión cultural

Non todos os individuos nacen cos mesmos dons artísticos, pero todos teñen dereito a aprender a sentir as emocións estéticas e o deber de respectar as manifestacións culturais e artísticas que enriquecen o mundo. Deste xeito, para desenvolver a **sensibilidade artística** dos alumnos deixaremos ver e descubrir algúns elementos do patrimonio cultural de Francia (unha lista de monumentos, cidades, cómics, personaxes famosos, marcas, a partir de fotos do Arco de Triunfo, de Astérix, de Xulio, proposta dunha fin de semana en París visitando a torre Eiffel, o Louvre, as pontes de París, Notre Dame...). Favoreceremos tamén a **expresión cultural e artística** en canto haxa oportunidade. En todas as tarefas finais, as indicacións propoñen dar unha dimensión creativa: debuxo, música, baile, arte dramática.

3. OBXECTIVOS

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou

social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, e contribuír así á súa conservación e mellora.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto

plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona .

4. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os contidos previstos no currículo concrépanse en criterios de avaliación, que son referentes específicos para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que os alumnos deben lograr, tanto en coñecementos como en competencias; responden ao que se quere conseguir en cada materia.

No relativo á competencia comunicativa, que constitúe o corazón da materia segunda lingua estranxeira, os contidos, criterios e estándares divídense en 5 bloques, a saber:

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>B1.1. Uso de estratexias de comprensión oral:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto; – Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. – Identificación de palabras clave. – Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica) – Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. – Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira. <p>▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p> <p>▪ B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.).</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal e pública moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento e actividades na aula. ▪ B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. ▪ B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia se se fala moi amodo e con moita claridade. ▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal e público moi elemental, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. ▪ SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula. ▪ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. ▪ SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais.
Bloque 2. Produción de textos orais		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: – Execución: ▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. ▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda e outras, igualmente cotiáns moi básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. ▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender. ▪ B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas e cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. ▪ B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais e bens e servizos moi elementais, utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.1. Nas actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira ▪ SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía (saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións) e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a. ▪ SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en transaccións nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades comúns para a súa idade. ▪ SLEB2.4. Participa en conversas informais breves para intercambiar información, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.

2º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
		<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información sobre o funcionamento de bens e servizos (horarios dun museo, maneira de chegar, etc).
Bloque 3. Comprensión de textos escritos		
<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo de lectura demandado (en superficie, selectiva, intensiva ou extensiva). Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). Formulación de hipóteses sobre contido e contexto e sobre significados a partir da comprensión de elementos paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, aos títulos e a outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras non coñecidas. B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles e traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual. B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a coñecementos e experiencias propias da súa idade. B3.4. Comprende textos propios de situacións cotiás próximas onde se dan a coñecer bens se servizos ou acontecementos (anuncios publicitarios elementais, folletos, catálogos, invitacións, etc.), e con apoio visual cando teña certa dificultade. 	<ul style="list-style-type: none"> SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiás e propios da súa idade. SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia.
Bloque 4. Produción de textos escritos		
<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> Planificación Execución Revisión 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos. B4.2. Completar documentos moi básicos con información persoal. B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata. B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos para transmitir información con intencións comunicativas propios do seu nivel escolar. SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións. SLEB4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves. SLEB4.4. Escribe correspondencia breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe		

2º de ESO		
Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos. <ul style="list-style-type: none"> – Sons e fonemas vocálicos; sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións; acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. ▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas. ▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía e da linguaxe non verbal elemental da cultura estranxeira. – Achegamento a algúns aspectos culturais visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira. – Identificación de similitudes e diferenzas entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. – Actitude receptiva cara as comunidades lingüísticas que falan outra lingua. ▪ B5.4. Plurilingüismo: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece. – Participación en proxectos (folletos, carteis, etc.) 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender. ▪ B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar. ▪ B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos. ▪ B5.4. Producir textos e inferir o significado de palabras ou frases que descoñece a partir dos coñecementos desde as linguas que coñece. ▪ B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos. ▪ B5.6. Distinguir as funcións demandadas polo propósito comunicativo e usar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns de ritmo, entoación e acentuación. ▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc. ▪ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. ▪ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais. ▪ SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios.

▪ B5.5. Funcións comunicativas:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.
- Descrición de calidades moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.
- Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.

B5.6. Estruturas sintáctico-discursivas:

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*et*); disxunción (*ou*); oposición (*mais*); causa (*comme*); finalidade (*pour*); comparación (*le plus, le moins*); consecuencia (*alors*); explicativas (*parce que*).
- Relacións temporais (*d'abord, ensuite, il y a*).
- Exclamación (*quel + nom !, désolé !*); interxección (*si! Bravo !*).
- Negación (*pas de, rien*).
- Interrogación (inversión (*V + Suj.*); *réponses (sí, pron. tonique + oui/non*).
- Expresión do tempo: presente; presente progresivo (*être en train de*); pasado (*passé composé avec avoir et être sans accords*); futuro (*futur proche*).
Introdución do condicional (fórmula de cortesía: *je voudrais*).
- Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (frases simples + Adv. (ex: *souvent*); incoativo (*aller + Inf.*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*phrases déclaratives*); capacidade (*savoir*); posibilidade/probabilidade (*peut-être*); necesidade (*il faut*); obriga/prohibición (*il faut, verbe devoir, impératif*); permiso (*pouvoir, demander*); intención/deseo (*je voudrais*); cortesía.
- Expresión da existencia (*il y a, il n'y a pas*); a entidade (p. ex. *articles contractés, pronoms réfléchis, adjectifs démonstratifs*); a posesión (adxectivos posesivos dun e de varios propietarios); a cualidade (formación regular e irregular dos adxectivos).
- Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais ata catro cifras; números ordinais ata dos cifras; *articles partitifs*). Adverbios de cantidade e medidas (*un (tout petit) peu, trop, pas assez + Adj., une boîte, un paquet*); o grao.

- Expresión do espazo (*prépositions et adverbos de lieu (sur, sous,...), position, distance, mouvement, direction, provenance (venir + contraction de), destination (aller + contraction à)*).
- Expresión do tempo: puntual (*demain matin, jeudi soir*); divisións (*en (année)*); indicacións de tempo (*demain, hier*); duración (*de...jusqu'à, en ce moment*); anterioridade (*il y a...*); posterioridade (*après*); secuenciación (*à partir de*); frecuencia (*d'habitude, une/deux/... fois par...*).
- Expresión do modo.

4º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Comprensión de textos orais		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa . – Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.). – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música.). – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. ▪ B1.2. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. ▪ B1.3. Comprender o esencial en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiáns, etc.), sempre que se fale con lentitude e con claridade. ▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre descrições, narracións, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. ▪ B1.5. Comprender o sentido xeral e información moi relevante e sinxela de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, previamente traballados, e de programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, sempre que as imaxes porten gran parte da mensaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante coñecementos doutras linguas. ▪ SLEB1.2. Capta os puntos principais de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador), sempre que as condicións acústicas sexan boas. ▪ SLEB1.3. Comprende nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos e comentarios sinxelos relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita. ▪ SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións cotiáns e estruturadas (hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer). ▪ SLEB1.5. Comprende nunha conversa informal descrições, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. ▪ SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.
Bloque 2. Producción de textos orais		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: – Execución: ▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. ▪ B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.

4º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>persoas para comprender e facerse comprender.</p> <ul style="list-style-type: none"> B2.3. Rutinas ou modelos básicos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación. 	<p>adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos.</p> <ul style="list-style-type: none"> B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi habituais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito. B2.4. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela. B2.5. Dar, solicitar e intercambiar información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, educativo ou ocupacional, e xustificar brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e a persoa interlocutora teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito. 	<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita.
Bloque 3. Comprensión de textos escritos		
<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas. B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas sinxelas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, e con apoio visual. B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves, sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar. B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal ou neutro, que traten de asuntos cotiás, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común. 	<ul style="list-style-type: none"> SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe. SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas. SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas).

4º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>novos elementos.</p> <ul style="list-style-type: none"> B3.2. Deletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas. 		<ul style="list-style-type: none"> SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.
Bloque 4: Producción de textos escritos		
<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: – Execución: – Revisión <p>Reescritura definitiva.</p>	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos ben estruturados e traballados previamente. B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación. B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese. B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso (adequado ao seu nivel escolar), e amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiás ou do propio interese, nun rexistro formal ou neutro, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente. 	<ul style="list-style-type: none"> SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve (por exemplo, con amigos/as noutros países) na que se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, se dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións. SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital). SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes. SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada.
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe		

4º de ESO

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos. ▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas. ▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía e de rexistros informal e estándar, – Achegamento a algúns aspectos culturais: hábitos, horarios, celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relación familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, lugares máis habituais, etc. – Identificación de similitudes e diferenzas entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. ▪ Actitude respectuosa cara as comunidades lingüísticas que falan outra lingua ▪ B5.4. Plurilingüismo: 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, e entoar de xeito claro e intelixible, malia o acento estranxeiro moi evidente ou erros de pronuncia que non interrompan a comunicación, ▪ B5.2. Recoñecer e usar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común. ▪ B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá, condicións de vida e contorno, relacións interpersoais e convencións sociais. ▪ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir de coñecementos das linguas que coñece. ▪ B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, relacionados cos elementos transversais. ▪ B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. ▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir. ▪ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. ▪ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ▪ SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.

- B5.5. Funcións comunicativas:
 - Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.
 - Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
 - Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.
 - Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.
 - Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.
 - Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.
 - Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.
 - Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.
- B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:
 - Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e cuidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.
 - Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.
- B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.
 - Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*non seulement...mais aussi*); disxunción (*ou bien*); oposición/concesión (*cependant*); causa (*car*); finalidade (*de façon à, de manière à + Inf.*); comparación (*le meilleur, le mieux, le pire, aussi + Adj. /Adv. que*; (ex: *Il n'est pas aussi intelligent que toi*); consecuencia (*alors, donc*); explicativas (*ainsi, car*).
 - Relacións temporais (*puis, finalement, tout de suite, enfin, pendant, pendant que + Indic.*).
 - Exclamación (*Comment, Quel/Quelle/Quels/Quelles, C'est parti!*).
 - Negación (*ne...jamais, ne... rien, ne... personne, ne...plus*).
 - Interrogación (*Et alors? À quoi bon...? Quel, quelle, quels, quelles*, pronomes interrogativos (ex. *lequel, laquelle, etc.*), *Ah bon? Moi non, Moi non plus*).
 - Expresión do tempo: presente (verbos irregulares), pasado (*passé composé, imparfait*), futuro (*futur proche, futur simple*), condicional (fórmulas de cortesía e consello).

- Expresión do aspecto: puntual (frases simples), durativo (*en + date*), habitual (*parfois, jamais*), incoativo (*futur proche*), terminativo (*passé récent*).
- Expresión da modalidade: factualidade; capacidade (*arriver à faire*); posibilidade/probabilidade (*il est probable que, probablement*); necesidade; obriga/prohibición (*c'est à qui de...? c'est à+pron. tonique/nom+ de + Inf., interdit de*); permiso; intención/deseño (*décider de faire qqch., j'aimerais beaucoup faire qqch.*); cortesía.
- Expresión da existencia (presentativos); a entidade (artigos, morfoloxía (prefixos (*anti, hyper*) e sufixos (*-ette, -elle*), pronomes persoais, pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, "en", "y", proposicións adxectivas (*où, dont*); a cualidade, a posesión (adxectivos posesivos).
- Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais; números ordinais; artigos partitivos). Adverbios de cantidade e medidas (*beaucoup de, quelques, quelques-uns, tout le monde, plein de, plusieurs(s)*); o grao.
- Expresión do espazo (*prépositions et adverbos de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination*; pronome "y").
- Expresión do tempo: puntual (*tout à l'heure, à ce moment-là, au bout de*); divisións (*semestre, période, au moment où*); indicacións de tempo (*la semaine dernière, le mois dernier*); duración (*encore / ne...plus*); anterioridade (*déjà, ça fait...que*); posterioridade (*ensuite, puis*); secuenciación (*puis, enfin*); simultaneidade (*pendant, alors que*); frecuencia (*toujours, souvent, pas souvent, parfois, jamais*).
- Expresión do modo: (*Adv. de manière en -ment*).

5. PLAN DE REFORZO ESPECÍFICO

5.1. APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NOS CURSOS ANTERIORES

Este é o terceiro curso escolar despois daquel confinamento que mantivo á comunidade educativa de medio mundo nunha situación de teledocencia que non dominabamos. As consecuencias no nivel académico do alumnado fixéronse notar, e por moito que traballamos contra vento e marea no curso anterior, algunhas lagoas seguen a existir, nuns grupos máis ca noutros.

Para o alumnado que actualmente se atopa en **2ºESO** o curso anterior foi o seu primeiro ano de Francés e ademais traballaron ben, co cal tampouco están afectados pola situación acaecida fai 3 cursos.

4º ESO

- Comprensión de textos orais (Bloque 1):
 - Non sempre capta a información máis importante de anuncios, mensaxes e comunicados breves;
 - amosa dificultades para comprender opinións formuladas en termos sinxelos sobre temas do seu interese.
- Expresión de textos orais (Bloque 2):
 - Amosa dificultades para desenvolverse en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que se da información moi básica (horarios, enderezos, datas...)
- Expresión de textos escritos (Bloque 4):
 - Amosa dificultades á hora de escribir textos.
- Coñecemento da lingua e *consciencia intercultural e plurilingüe (Bloque 5):
 - **Estructuras sintáctico-discursivas e de léxico non adquiridas** as seguintes: *Adjectifs démonstratifs, adj. possessifs, pronoms toniques, pronoms de COD/ COI, pronoms relatifs*, relacións de comparación (*le plus, le moins*), relacións de frecuencia (*d'habitude, x fois par...*), *Futur simple* e *Conditionnel*, Léxico do *restaurant* e *tourisme*.
 - **Estruturas que hai que reforzar** porque recordan moi pouco: expresión da necesidade (*il faut, verbe devoir*), expresión do coñecemento (*savoir*), *articles partitifs* e *nombres jusqu'à 4 chiffres*

*A consciencia plurilingüe no alumnado de 4ºESO si que é unha constante tentando facer hipóteses de significado a partir dos coñecementos noutras linguas e perseverando así no proceso de comprensión; móstrase interesado, colabora nas actividades de aula e de non ter sido pola situación vivida fai 2 cursos podería ter acadado a día de hoxe un bo nivel en lingua francesa.

5.2. PLAN DE REFORZO ESPECÍFICO

Así as cousas, o **plan de reforzo específico** proposto para salvar estas eivas e adquirir canto antes as aprendizaxes imprescindibles que non foron acadadas no curso anterior é:

- Dedicar as 8 primeiras semanas de curso exclusivamente ao traballo dalgunhas estruturas sintáctico-discursivas básicas non adquiridas e ao exercicio da comprensión, expoñendo así o alumnado a un input masivo que lles facilitará as posteriores tarefas de expresión

-Durante as primeiras sesións non usar só o francés como lingua vehicular na aula, senón tamén o galego, co fin de axilizar o proceso de ensino-aprendizaxe das estruturas sintáctico-discursivas e de léxico imprescindibles e poder avanzar máis rápido cara tarefas de expresión (especialmente oral), tendo sido estas as principais afectadas durante o periodo de confinamento.

- Usar a Aula Virtual para colgar material complementario de revisión e reforzo, especialmente sobre as estruturas sintáctico-discursivas e a comprensión de textos, deixando así máis tempo na aula para a práctica da expresión.

- Por último, a docente móstrase aberta a resolver dúbidas ou a reforzar o que sexa preciso durante os recreos.

6. AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Procedemento para a avaliación inicial

Durante as primeiras semanas de curso (salvo en 1º da ESO, a priori *débutants*) realizaremos actividades ou probas de avaliación inicial para analizar os coñecementos previos dos alumnos e repasar ou reactivar coñecementos antes de comezar coa materia nova.

Procedemento de avaliación continua

O alumnado será informado coa maior celeridade posible da forma na que será avaliado. Para isto, a programación será posta á disposición do alumnado e as familias a través da web do Centro e as diferentes plataformas dixitais (Aula Virtual). Así mesmo, ao inicio do primeiro trimestre, o profesor explicará ós seus alumnos os criterios de avaliación e cualificación de modo que estes podan organizar mellor o seu proceso de aprendizaxe.

Procedementos e Instrumentos

Dado que os obxectivos de aprendizaxe previstos refírense aos *savoirs, savoir-faire, savoir-être* et *savoir-apprendre*, a avaliación non debe limitarse á realización de exames como único procedemento. Ademais das probas obxectivas, o alumno será cualificado mediante a revisión dos deberes, a realización de tarefas ou proxectos individuais ou grupais, as súas intervencións na aula e a observación directa durante as clases.

Os instrumentos tamén serán variados: fichas, tarefas finais, caderno do alumno, cuestionarios e probas orais ou escritas, escalas de observación, etc. para os que usaremos diferentes cuestionarios e rúbricas que integrarán descritores claros tanto dos estándares de aprendizaxe como das competencias clave implicados. O seu grado de adquisición/ consecución poderá ser cualificado segundo unha escala numérica (cuantitativa) ou cualitativa en función do instrumento usado.

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Observación directa	- Escala de observación no <u>caderno do profesor</u> (traballo diario, material, participación e interese, respecto polo proceso de aprendizaxe, competencias comunicativas...) - Rúbrica de revisión do caderno do alumno.
Revisión de tarefas/proxectos	- Rúbricas de avaliación das tarefas escritas (individuais/grupais) - Rúbricas de avaliación das tarefas orais (individuais/grupais) - Control do caderno do alumno.
Realización de probas formais	- Tests/ cuestionarios/ probas orais ou escritos. - Rúbricas de avaliación da expresión oral e escrita.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

- a) **Da avaliación trimestral:** ao longo do trimestre utilizaremos diferentes procedementos e instrumentos que nos servirán para avaliar os 5 bloques de estándares e as competencias clave. Segundo o escenario no que nos atopemos en cada trimestre, a cualificación do alumno calcularase en base ás seguintes porcentaxes:

Procedementos/ instrumentos	
Caderno de clase	30 %
Traballo diario	
Predisposición á aprendizaxe	
Participación e respecto polo proceso de aprendizaxe	
Competencias comunicativas	70 %
Traballos / tarefas	
Probas orais/ escritas	

Realizárase como mínimo unha proba por trimestre, podendo chegar a facer unha por cada unidade didáctica. De haber 2 exames por avaliación, o primeiro terá un peso do 30% e o segundo do 40%, xa que, neste último, entrarán de novo os contidos do primeiro exame. En calquera caso, en cada trimestre utilizaranse os procedementos e instrumentos necesarios para avaliar os 5 bloques de estándares. Chegada a avaliación, e de non ter notas para cada un dos conceptos de cada bloque, reaxustarase as porcentaxes de xeito que se respecten os pesos anteriores. A avaliación será positiva cando se obteña unha nota superior a 4,5. Dada o carácter acumulativo da materia, en principio non se contemplan exames de recuperación trimestral pero queda suxeito ao criterio do profesor.

b) Da avaliación final: aínda tratándose dunha materia acumulativa, para evitar o abandono da materia ata a última avaliación, a nota de xuño resultará da aplicación da seguinte fórmula:

Nota do 1º trimestre	Nota do 2º trimestre	Nota do 3º trimestre
20%	40%	40 %

No caso de que nalgunha das avaliacións non se poidan realizar probas obxectivas presenciais, recalcuremos a peso porcentual dos trimestres acordando maior peso a aquelas avaliacións nas que si tiveron lugar.

Para este cálculo, terase en conta a nota real de cada avaliación antes do redondeo. Aqueles alumnos que non acaden por esta fórmula unha nota $\geq 4,5$ terán que realizar un exame final onde deberán acadar o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe de todo o curso. De non superar a avaliación final, o profesor podería acordar o aprobado a aquel alumno/a que acade unha nota ≥ 4 se o considerase xustifico e beneficioso para o alumno/a.

Procedemento na eso para o desenvolvemento do ensino-aprendizaxe dende a terceira avaliación ata a avaliación final

A partir da terceira avaliación, de acordo coa *Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galiza*, dedicaremos as últimas sesións do curso a dous tipos de actividades:

- Actividades de ampliación e reforzo (xogos, visionado de series, películas ou curtametraxes, traballos de investigación, tarefas ou actividades de expresión oral, actividades de cultura francóphona, etc.) para o alumnado que non acade unha nota $\geq 4,5$ a través da fórmula 20%-40%-40% citada anteriormente, e podendo subir ou baixar a nota acadada ata 0,5 máis ou menos polo traballo e esforzo desenvolto (ou falta deste).
- Actividades de repaso para o alumnado que por dita fórmula non acade o mencionado 4,5. Dado que este terá que someterse a unha proba final para avaliar os principais estándares de aprendizaxe traballados durante o curso, o departamento ofrecerá o asesoramento e apoio necesarios non só no que á organización do proceso de aprendizaxe se refire, senón na achega de material complementario e na resolución de dúbidas sobre os contidos e obxectivos obxecto da avaliación.

Outras consideracións

a) Copiado en exames:

No caso de comprobar que o alumno copiou ou está a copiar nun exame, procederemos de dúas formas diferentes segundo sexa o caso:

- Se o alumno é descuberto ó comezo da proba, cualificaremos cun 0 as preguntas respondidas, requisaremos a "axuda" e o alumno poderá continuar. Daremos conta do incidente nunha marxe, o alumno terá que asinalo e informaremos ao seu titor e aos seus titores ou responsables legais.
- Se o alumno é descuberto xa avanzada a proba, esta será anulada e o alumno terá que repetila na data acordada co profesor. Daremos conta do incidente nunha marxe, o alumno terá que asinalo e informaremos ao seu titor e aos seus titores ou responsables legais.

b) Plaxios:

Calquera traballo no que se detecten indicios de plaxio (copia-pega) ou de uso dun tradutor para a produción de textos será cualificado cun cero na parte tocante a contidos. Para iso contemplamos:

- O uso de programas como *Quetex*, *Google Scholar*, etc. para probar o plaxio.
- A realización dunha proba oral ou escrita de tradución para comprobar o uso do tradutor cando na produción escrita dun alumno atopemos evidencias do seu uso, como poden ser: emprego de estruturas, xiros ou tempos verbais non traballados anteriormente e afastados do nivel real do alumno.

c) Asistencia a exames:

No caso de non asistir a algunha proba avaliable o alumno terá que poñerse en contacto co seu profesor a través da mensaxería electrónica ese mesmo día ou presencialmente o día mesmo da súa incorporación ó Centro para aportar un xustificante válido da súa falta e acordar unha data para a proba. De non facelo así ou de non ser válido o xustificante, a proba será cualificada negativamente.

Entendemos como válidos: a palabra do titor legal (por escrito) de que o alumno se atopaba fisicamente incapacitado para asistir ó exame, o xustificante médico que indique esta imposibilidade (non se aceptarán revisións rutineiras do médico de familia por ser estas facilmente reprogramables), xustificantes de especialistas, certificados de hospitalización/defunción de familiares directos, comprobante do cumprimento de deberes inescusables e similares. No caso de faltas reiteradas ás probas (da nosa ou doutras materias) por “razóns” non xustificadas documentalmente, só se aceptarán xustificantes e certificados oficiais.

Prazos de entrega de traballos:

Co obxectivo de que o alumno comprenda a importancia da organización e os prazos, non se recollerá ningunha tarefa ou traballo entregados fóra de prazo a non ser que conte cun certificado válido, tal e como o explicamos no punto anterior.

No caso de dispoñer deste xustificante, o alumno terá que entregar o traballo e o devandito documento xustificativo o día da súa incorporación ó Centro, independentemente de que teña ou non clase de Francés. De non estar presente o profesor, entregárase na sala de profesores, en Dirección ou na Conserxería.

Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes na ESO.

Aqueles alumnos que non aproben na convocatoria ordinaria ou extraordinaria (de habela) e pasen ó seguinte curso coa materia de Francés suspensa, terán que incorporarse ao “programa de pendentes”. Estes alumnos recibirán ao longo do mes de outubro un *dossier* con fichas de traballo sobre os contidos mínimos necesarios para acadar o grao mínimo dos estándares de aprendizaxe. Ademais deste material e doutro material complementario en liña, o xefe do Departamento estará á disposición deste alumnado durante os recreos así como a través das plataformas dixitais (previa cita) para resolver calquera dúbida académica. O alumno poderá entregar o *dossier* para a súa corrección ata 2 semanas antes da data dos exames parciais. Este material non será avaliable senón que servirá para comprobar o grao de asimilación dos contidos a avaliar.

Existen 4 formas de aprobar a materia pendente:

a) Por probas parciais: a alumno poderá examinarse da metade da materia (metade das unidades) no mes de xaneiro e da outra metade no mes de abril, representando cada proba un 50% da nota. Considerarase aprobada a materia se o alumno acada unha cualificación $\geq 4,5$ (ou, excepcionalmente, ≥ 4 só e exclusivamente se o profesor o considerase xustifico e beneficioso para o alumno/a)

b) Convocatoria ordinaria: no caso de non presentarse ás probas parciais ou de non superalas cunha avaliación positiva, o alumno deberá presentarse á convocatoria ordinaria do mes de maio na que se examinará de todos os contidos mínimos do curso pasado e acadar unha nota $\geq 4,5$ (ou, excepcionalmente, ≥ 4 só e exclusivamente se o profesor o considerase xustifico e beneficioso para o alumno/a)

c) Convocatoria final: segundo a *Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galiza*, o alumnado coa materia pendente que non acadase o aprobado terá dereito a unha nova oportunidade para superar a materia antes de que acabe o curso. Así, o departamento de Francés realizará un último exame final de toda a materia do curso pendente a finais de xuño. Coma nos casos anteriores, considerarase superada a materia de acadar unha nota $\geq 4,5$ (ou, excepcionalmente, ≥ 4 só e exclusivamente se o profesor o considerase xustifico e beneficioso para o alumno/a). Co obxectivo de axudar o alumnado a superar a materia, tras a avaliación de principios de xuño, o departamento ofrecerá ao alumnado pendente o asesoramento e apoio necesarios non só no que á organización do proceso de aprendizaxe se refire, senón na achega de material complementario e na resolución de dúbidas sobre os contidos e obxectivos obxecto da avaliación.

d) Superación dun curso superior: no caso de que o alumno/a coa materia pendente estea matriculado en Francés no curso inmediatamente superior, este vería aprobada dita materia de aprobar as dúas primeiras avaliacións ou ben a última.

7. AVALIACIÓN DO PROFESORADO (programación didáctica e metodoloxía)

A docente realizará un **questionario** (a poder ser, un por trimestre) no que o alumnado poderá avaliar as prácticas metodolóxicas implantadas na aula. A máis disto, dende o departamento realizaranse **revisións periódicas da programación didáctica** ao longo do curso, para facer os axustes que sexa preciso. Por último, non está de máis nomear que os propios resultados do alumnado na avaliación serán un indicador do ben ou mal encamiñada que vaia a metodoloxía e programación.

8. METODOLOXÍA

8.1. Prácticas metodolóxicas

Traballamos a comprensión oral e escrita para consolidar un corpus importante de coñecementos pasivos que permita ao alumno comprender textos cada vez máis interesantes para el. Deste xeito, a lingua oral e escrita vanse desenvolvendo máis sistematicamente, a medida que avanzamos, para facerse máis elaboradas e conscientes.

Utilizamos a aprendizaxe por tarefas para integrar e sintetizar as diversas competencias, en relación cos savoir-être e con valores como a cooperación no marco dun enfoque comunicativo.

Prevedemos, igualmente, exercicios de reflexión colectiva e individual sobre os diversos niveis de funcionamento da lingua estranxeira, sobre a gramática, a fonética, a pasaxe da escrita á oral e viceversa, e provocamos a comparación co funcionamento das linguas coñecidas dos alumnos.

Insistimos sobre a aprendizaxe en espirais sucesivas. A integración dos coñecementos en espirais regulares permite unha mellora rápida e segura da aprendizaxe. Ademais, alternamos momentos de repaso global e momentos de aprendizaxe nova, que se integra naturalmente no conxunto anterior.

Para que o alumno perciba o seu progreso, utilizamos bilans regulares e auto-avaliacións en todas as competencias. Numerosos exercicios de escoita e de lectura simultánea ou de lectura en voz alta aseguran a pasaxe da lingua escrita á oral e da oral á escrita, para que o alumno se beneficie na oral do que aprende na escrita e viceversa.

Temos en conta, igualmente, a evolución de Internet e o uso habitual do correo electrónico (sobre todo en 3º de ESO) e dos outros medios tecnolóxicos que ofrecen ao alumno unhas posibilidades de auto-aprendizaxe individual, oral e escrita (a varios niveis) e unha capacidade de consulta ilimitada. Insistiremos sobre o uso de Internet para buscar documentos en francés e aprender a seleccionalos.

Propoñemos un traballo específico sobre os valores individuais e sociais (igualdade, ética, cooperación, protección da natureza...), a través da selección dos textos e das etapas pedagóxicas.

8.2. Materiais curriculares

O **libro de texto** empregado será *Parachute*, editorial Santillana, un método de francés organizado en 4 niveis destinado a alumnos de secundaria, debutantes ou falsos debutantes se estes comezaron a súa aprendizaxe durante a última etapa de primaria. É apropiado para desenvolver convenientemente un programa de ensino-aprendizaxe para os alumnos da ESO, de acordo coas especificacións da LOMCE. PARACHUTE propón unha distribución dos contidos que cobre ao redor de 70 horas por nivel. O primeiro nivel do método ten como obxectivo a adquisición do nivel A1 fixado polo Marco Europeo Común de Referencia; nivel que poderá ser obxectivamente certificado polo DELF A1. *Parachute 2* e *3* permitirán adquirir os coñecementos correspondentes ao nivel A2. *Parachute 4* profundará nestes contidos e permitirá comezar a adquirir algúns contidos que se corresponden co nivel B1.

Complementábase o uso do libro de texto con **materiais propios**, especialmente debido a que o nivel dos libros de texto dista do nivel do alumnado, pois están concibidos para a docencia de 3 ou máis horas á semana e non só de dúas como é o noso caso.

En consoancia coa aposta metodolóxica, empregaranse sempre que sexa posible **materiais auténticos**:

- Para a comprensión escrita: **anuncios, carteis, documentos funcionais auténticos**: horarios, axendas, DNI, mapa xeográfico, sobre para cartas, mapa coas diferentes zonas escolares; anuncio publicitario en web (campamento de verán), folleto cun programa de estancia lingüística...

Para a comprensión e expresión oral: **cancións e fragmentos de filmes**. Inténtase que os alumnos canten (cancións e *comptines*), digan (números, verbos...), xuntos ou individualmente e que melloren a súa pronuncia a partir de trabalinguas inventados. Liberados da obriga de reflexionar para buscar as palabras ou construír frases, do medo a cometer erros, levados polo ritmo, polos compañeiros, os alumnos: reláxanse e perden os seus complexos, e aprenden a dar unha dimensión lúdica á lingua; poden concentrarse na pronuncia e a entoación; integran máis facilmente a lingua.

- Para a interacción: **diálogos, expresión en continuo, actividades de reutilización, xogos de rol**. Como as actividades orais de reutilización non son mecánicas, están contextualizadas e teñen sentido. Anímase os alumnos a que: falen das situacións e das ilustracións; xoguen, adiviñen; adopten o papel de personaxes, ficticios ou non, e recreen situacións utilizando as fórmulas que se presentaron.

- Tamén se poderán realizar **tarefas finais** nas que o alumnado se inicie na comunicación auténtica, posto que moitas veces se encadrarán no marco dun proxecto.

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Trala observación das probas de avaliación inicial e os informes individualizados do curso anterior, todo indica a que neste curso o alumnado de Francés non presenten **necesidades académicas específicas**. Con todo, cabe destacar que debido á premura na data de entrega desta programación, a día de hoxe carecemos aínda da útil información que sempre ofrece a sesión de avaliación inicial.

Así, como principal medida de atención á diversidade a día de hoxe levaremos a cabo un **seguemento individualizado** do alumnado co propósito de adaptarnos aos distintos ritmos de aprendizaxe e ás necesidades que cada un poida presentar.

Alén disto, como medidas extraordinarias, en 2ºESO contéplase a **exención** da materia de Francés dirixida a aquel alumnado que presente serias dificultades nas linguas e/ou nas matemáticas, se ben a data de hoxe está aínda por determinar de que alumnado estamos a falar; sairán da aula durante as clases de Francés para recibir apoio educativo de Lingua Castelá e Lingua Galega. De chegar a resolver de todo estas dificultades, o alumno ou alumna de reforzo poderá incorporarse ás clases de Francés no transcorrer do curso ou no curso seguinte.

10. TEMAS TRANSVERSAIS

Fomentarase a educación na diversidade cultural e racial loitando así contra todo prexuízo que o alumnado poida acarrexar, traballarase no desenvolvemento de valores como a igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación ante calquera condición circunstancial das persoas, educarase na resolución pacífica de conflitos e valores que sustente a liberdade, a xustiza e o respecto aos dereitos humanos.

Tamén se potenciará a cultura propia, este ano en concreto a través da continuación dun **proxecto iniciado o curso pasado** en colaboración con outros departamentos, no que o alumnado porá en valor os lugares máis apreciados da vila de Muxía.

11. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Neste ano 2022-2023 as medidas de protección ante a Covid-19 xa non seguen vixentes. Por isto, as actividades extraescolares contan con “carta libre”. Así, dende o departamento de Francés tentaremos levar a cabo as seguintes:

- Asistencia a unha obra de teatro en lingua francesa (A Coruña ou Santiago). Cabe mencionar aquí que isto só será posible se o desembolso das familias ou os cartos do departamento o permiten, dado o elevado custo do transporte debido ó baixo número de alumnado da materia de Francés.
- Visionado dun film francés « La Semaine du Cinéma »
- Visionado dun film ou curtametraxe francés nunha sala de films en VO/VOS
- Obradoiro de Danza africana e/ou percusión con ritmos africanos
- Realización dun taller de crêpes e a súa degustación
- Traer unha Food Truck de crêpes de Bretaña
- Concurso e/ou degustación de sobremesas francesas.
- Participación nas Journées de la Francophonie de Vilanova de Arousa.
- Colaboración e participación nas actividades abertas organizadas pola Asociación de Irmanamento Carballo-L'Isle-Jourdain.
- Roteiro turístico pola contorna en francés
- Entrevistas con migrantes francófonos

Estas actividades teñen como finalidade empapar ao alumnado de aspectos culturais propios da lingua que leva por nome a materia. Dende o departamento confiamos en que estas prácticas inflúan positivamente na

motivación do alumnado, desenvolvendo actitudes positivas mediante a interacción, nun clima de convivencia en tolerancia e respecto.

Muxía, a 17 de setembro de 2022

Asinado:



Silvana Cobas Iglesias